



ÍNDICE

PRESENTACIÓN	2
1. A CRISE DO TSARISMO	2
1.1. A decadencia da Rusia tsarista.....	2
a) Un imperio inmenso e heteroxéneo.....	2
b) Unha sociedade desigual	2
c) Unha economía atrasada	3
d) Un imperio absolutista e autocrático.....	3
1.2. 1905: o fracaso do reformismo tsarista.....	4
2. AS REVOLUCIÓNS DE 1917.....	4
2.1. A Revolución de Febreiro: a caída do tsarismo	4
2.2. A Revolución de Outubro: o triunfo do bolxevismo.....	6
O primeiro goberno bolxevique.....	6
3. A CONSTRUCIÓN DA URSS.....	7
3.1. A Rusia de Lenin.....	7
a) A guerra civil (1918-1921).....	7
b) O comunismo de guerra	7
c) A creación da URSS e a III Internacional	8
d) A Nova Política Económica (NEP)	8
3.2. O stalinismo	9
a) A loita polo poder	9
b) A ditadura stalinista	9
c) A economía planificada soviética	10



PRESENTACIÓN

A **Revolución Rusa** constitúe un dos principais acontecementos do século XX. Fixo posible a caída do **tsarismo** e das vellas estruturas imperiais no Antigo Réxime, e a instauración do **primeiro réxime socialista** do mundo, que fixo de Rusia unha gran potencia en menos de 30 anos.

A situación política, social e económica do Imperio Ruso a principios do século XX deu orixe á revolución, que tivo o seu precedente na ocorrida en 1905. Os feitos revolucionarios de febreiro e outubro de 1917 deron paso ás primeiras medidas do novo goberno de Lenin, así como á xestación da URSS e á súa evolución durante o stalinismo.

O significado da revolución traspasa as fronteiras rusas para converterse nun exemplo de referencia obrigada para os seus seguidores e detractores. A historia do século XX, non pode explicarse sen ela.

1. A CRISE DO TSARISMO

A Rusia tsarista ficou allea ao proceso de industrialización e liberalización política que se produciu ao longo do s. XIX nos pobos de Europa occidental, de aí que se considere que a Rusia dos tsares era a principios do s. XX un imperio en crise.

1.1. A decadencia da Rusia tsarista

A comezos do século XX, o imperio rexentado por **Nicolás II** era *un xigante con pés de lama*. O tsar gobernaba sobre un territorio inmenso e moi poboado, mais era un dos Estados máis atrasados de Europa.

a) Un imperio inmenso e heteroxéneo

A finais do século XIX, o Imperio ruso era aparentemente poderoso. Estendíase sobre un territorio inmenso de case 22 millóns de km² e tiña unha poboación de 170 millóns de habitantes. Este extenso Imperio formárase nos últimos 200 anos, no leste, sobre as terras asiáticas e, no oeste, á conta dos pobos da Europa oriental e dunha parte do desmembrado Imperio turco. A súa forza era só aparente porque presentaba enormes desequilibrios. Grandes zonas do Imperio estaban case deshabitadas, a poboación concentrábase no oeste, a súa economía era esencialmente rural e arcaica, e estaba constituído por un mosaico de nacionalidades, linguas e relixións.

b) Unha sociedade desigual

A sociedade era unha das máis desiguais de Europa. Os campesiños, a maioría da poboación, estaban sometidos a un réxime case feudal, desaparecido na meirande parte de Europa, que os condenaba a unhas condicións de vida miserables. A servidume persoal mantívose ata 1865 e, aínda que se aboliu, o poder da nobreza terratenente mantívola intacta.

A **nobreza** era a propietaria da maior parte da terra e ocupaba a cúspide da pirámide social. No outro extremo, atopábanse os **campesiños**, a inmensa maioría da poboación (máis do 80%). Vivían en condicións de extrema pobreza, sometidos a un duro ritmo de traballo e a maioría eran analfabetos. No medio de ambos os dous, situábanse os **kulaks**, medianos propietarios, que se enriqueceran acumulando terras.

A escasa poboación urbana concentrábase en poucas cidades, como Moscova e San Petersburgo, en torno a unha aínda feble industria. Moitos dos **obreiros** eran antigos campesiños que emigraran na procura de traballo fuxindo da miseria rural. A maioría traballaba en grandes empresas, percibía salarios baixos e vivía en condicións precarias. A feble industrialización implicaba que a **burguesía** fose numericamente escasa e tivese pouca influencia nos ámbitos do poder.



San Petersburgo

A cidade de San Petersburgo era a capital do imperio. En 1914 pasou a denominarse Petrogrado, e en 1924, trala morte de Lenin, Leningrado. En 1918 a sede do goberno trasladouse a Moscova.

En 1991 Leningrado volveuse denominar como orixinalmente, San Petersburgo.



c) Unha economía atrasada

A **agricultura** era a actividade predominante e manifestaba claros síntomas de atraso, sendo o máis destacado deles a persistencia da servidume. Alén diso, a propiedade das terras estruturábase en grandes latifundios nas mans da aristocracia e da Igrexa, de xeito que a situación no campo ruso era case feudal, o que creaba un profundo malestar entre o campesiñado.

A porcentaxe de poboación activa ocupada na **industria** a comezos de século era un 9%, o que indica a feble industrialización do país. As principais características son o seu comezo tardío, xa que arranca na década 1880-90, e a súa concentración xeográfica en puntos como Moscova, San Petersburgo e Ucraína. Igualmente, debido á ausencia dunha burguesía forte, esta industrialización fíxose en base aos investimentos estranxeiros (capital francés e británico), e do Estado, que recorreu para financeira ao aumento dos impostos sobre o sector máis castigado da sociedade rusa, o campesiñado.

d) Un imperio absolutista e autocrático

En vésperas da Primeira Guerra Mundial, o Imperio Ruso seguía sometido a unha **monarquía absoluta** ou **autocrática**. O tsar exercía o seu poder directamente por medio de decretos (*ukase*), sen ningún control institucional e sen ter que render contas ante ningún Parlamento.

Unha fiel **burocracia** e un poderoso **exército** aseguraban o control do Imperio, mentres que a **Igrexa ortodoxa** constituía un dos grandes piares ideolóxicos do réxime.

Os partidos políticos estaban prohibidos e unha eficaz **policía** reprimía calquera oposición. Sen embargo, ao longo do século XIX foise formando unha oposición política á autocracia tsarista na clandestinidade, que foi dirixida polas elites culturais que denunciaban a situación económica e social do país. Os principais grupos de oposición ao tsarismo foron:

- O **Partido Constitucionalista Democrático (Kadete)**. Era un partido de corte liberal, que tomaba como modelo as revolucións liberais da Europa occidental. Os seus obxectivos eran conseguir o triunfo do capitalismo e do parlamentarismo constitucional ao estilo británico, mediante reformas pacíficas. Era un grupo minoritario que atopaba aos seus líderes e simpatizantes na alta burguesía.
- Os **populistas** ou **narodniki**, xurdidos no último terzo do século XIX, defendían os intereses do pobo (narod). Foron unha organización integrada por diversos grupos non que enraizou o anarquismo, que produciu algúns dos seus grandes intelectuais, como Bakunin e Kropotkin. Propugnaban a destrución do tsarismo e a construción dun socialismo de base agraria sen ter que pasar polo capitalismo.
- Da evolución do populismo xurdiu o **Partido Social-Revolucionario (PSR, denominados eseritas)**, que tivo posteriormente como líder principal o avogado Kerenski. O PSR constituía a corrente socialista moderada, que defendía a necesidade de dotar a Rusia dun sistema parlamentario. Tivo unha grande influencia sobre os campesiños porque defendía a necesidade de expropiar a terra dos terratenentes.
- O desenvolvemento do proletariado supuxo a difusión do marxismo e, en 1898, fundouse o **Partido Obreiro Social-Demócrata Ruso (POS DR)**. Desde os seus inicios, o POS DR mostrou dúas tendencias diferenciadas, que se dividiron, en 1903, en menxeviques e bolxeviques:
 - Os **menxeviques**, representados por Mártov, eran máis moderados. Defendían a necesidade de levar a cabo unha revolución liberal encabezada pola burguesía, como paso previo á revolución socialista.
 - Os **bolxeviques**, liderados por Lenin, crían que a débil burguesía rusa non podía liderar ningún cambio e que eran as masas populares, formadas por proletarios e campesiños, as que debían asumir o papel dirixente da revolución.



1.2. 1905: o fracaso do reformismo tsarista

En 1905, Rusia sufriu unha humillante derrota ante Xapón na guerra que iniciaran, o ano anterior, polo dominio de Manchuria. A derrota puxo de manifesto a debilidade do poder dos tsares. A guerra agravou a crítica situación económica e social que, en anos anteriores, provocara numerosas mobilizacións e protestas de obreiros e campesiños, e empobreceu aínda máis miles de familias. Ante isto, as forzas antitsaristas uníronse na petición de reformas políticas.

Unha gran manifestación ante o Palacio de Inverno en San Petersburgo, onde residía o tsar, protestou contra o despotismo e a inxustiza social e demandou melloras nas condicións de vida da poboación e a celebración dunha Asemblea Constituínte elixida polo pobo. A protesta foi reprimida polo exército, provocando máis de miles de mortos e feridos. O día foi coñecido como o **Domingo Sanguento**. ([Documento 1](#))

Unha multitude de folgas sacudiu todas as zonas industriais do país. Os campesiños tamén se sublevaron, reivindicando novamente a propiedade das terras. A axitación alcanzou algúns sectores do exército; exemplo disto foi a sublevación dos mariños do acoirazado **Potemkin**. Para responder á necesidade de organizar as folgas, apareceron os **soviets** ou consellos, que eran órganos revolucionarios integrados por representantes dos obreiros das fábricas, os soldados e, máis tarde, os campesiños. O primeiro soviets foi creado en San Petersburgo e, dirixido por L. **Trotsky**, converteuse no máis influente.

A revolución obrigou o tsar a emprender algunhas reformas económicas e políticas, que anunciou no **Manifesto de Outubro**, no que se comprometía a respectar as liberdades públicas. Respondendo as peticións populares, o tsar convocou unha **Duma** (nome do Parlamento en Rusia) e recoñecéronse algunhas liberdades civís, como a liberdade de prensa, reunión e asociación, ampliouse o dereito de voto e suprimíronse algúns impostos obrigatorios dos campesiños.

Mais o tsar foi recortando todas as medidas liberalizadoras recollidas no Manifesto de Outubro, restrinxindo a autonomía da Duma, practicamente sen atribucións, e substituíndo o sufraxio universal por un sufraxio censatario moi restrinxido. O tsar continuou a gobernar de maneira autocrática. Ademais, os líderes sindicais e políticos foron perseguidos. Algúns deles, como Lenin, víronse obrigados a exiliarse.

Aínda que as medidas contentaron os cadetes e remataron coas folgas, a oposición política ao tsarismo fortaleceuse e ampliou a súa base social.

2. AS REVOLUCIÓNS DE 1917

As reformas iniciadas logo da revolución de 1905 quedaron moi lonxe de transformar as arcaicas estruturas sociais e políticas do imperio. Mais en 1914 parecía que o tsarismo superara os seus problemas. O poder do tsar controlaba a Duma, que se clausuraba cando lle interesaba. Porén, a participación de Rusia na **Primeira Guerra Mundial** ao lado das potencias aliadas creou a conxuntura para un novo estoupido revolucionario de maior envergadura que o de 1905.

2.1. A Revolución de Febreiro: a caída do tsarismo

A entrada de Rusia na Primeira Guerra Mundial volveu poñer de manifesto as dificultades económicas, militares e políticas do tsarismo. A mobilización de catorce millóns de homes, a maioría deles campesiños, estancou a agricultura e deixou as cidades e o exército desabastecidos. A escaseza de produtos de primeira necesidade e a suba dos prezos e dos impostos xeneralizaron a fame e a miseria. A falta de materias primas, ocasionada pola paralización das vías de comunicación, obrigou a pechar moitas empresas. Mentres o paro aumentaba, o poder adquisitivo da poboación descendía.

Malia un comezo relativamente favorable, as tropas rusas empezaron a sufrir unha derrota tras outra. O exército descompoñíase a marchas forzadas; os soldados, desmoralizados pola magnitude das perdas humanas, a mala alimentación e a falta de armas, empezaron a desertar.



O descontento estendeuse ó estamento militar e político e acelerou a caída do réxime tsarista. A corte, en mans da tsarina e do seu conselleiro **Rasputín**, atopábase sumida na corrupción e no caos.

Ante a grave situación na que Rusia se atopaba, estalou unha folga xeral en San Petersburgo os días 23 e 24 de febreiro de 1917, e en poucos días estendeuse por todas as cidades do imperio. As tropas sumáronse á revolta popular e o tsar Nicolás II viuse obrigado a abdicar, deixando o poder nas mans dun **gobierno provisional** baixo a presidencia do príncipe G. E. Lvov. Ese goberno estaba formado polos representantes liberais da Duma, maioritariamente membros do partido KD. Deste xeito, Rusia convertíase nunha **república**. ([Documento 2](#))

O novo goberno provisional decretou un conxunto de medidas que incluían a **amnistía política** e o restablecemento dos **dereitos sindicais** e das **liberdades individuais**, así como a promesa de convocar unha asemblea constituínte que debía elaborar unha **Constitución** de corte occidental. De feito, as actuacións do goberno estaban encamiñadas a crear e estabilizar un **réxime parlamentario** que fixese de Rusia un Estado liberal moderno.

Sen embargo, debido ós compromisos internacionais contraídos anteriormente e ós vínculos da burguesía rusa co capital europeo, o goberno provisional decidiu **continuar coa guerra**. De igual maneira, as reformas económicas e sociais que o pobo reivindicaba aprazáronse ata a constitución dunha nova Duma. ([Doc. 3](#))

Ao mesmo tempo, obreiros e soldados crearon o **Soviet de Obreiros e Soldados de Petrogrado** dominado polos menxeviques e social-revolucionarios. En pouco tempo, os soviets estendéronse por toda Rusia e constituíron unha especie de parlamentos do pobo onde se expresaba a vontade popular. O Soviet de Petrogrado constituíuse como un goberno paralelo. Así, configurouse unha **dualidade de poderes**:

- O **poder legal**, ostentado polo goberno provisional, que representaba os intereses da burguesía.
- O **poder real**, exercido polo Soviet de Petrogrado, que representaba os intereses das masas populares.

En Abril, Lenin volve do seu exilio grazas a amnistía decretada. A súa chegada deulles un xiro inesperado aos acontecementos. Defendía que a revolución que acababa de producirse debía superar a fase liberal-burguesa que representaba o goberno provisional e converterse nunha **revolución proletaria**, que acabase co capitalismo e a burguesía e lles outorgase o poder aos obreiros e aos campesiños (**ditadura do proletariado**). Lenin expuxo as súas ideas nas famosas **Teses de Abril** ([Documento 4](#)), que habían de ser a auténtica guía revolucionaria. Os seus principais obxectivos eran: a supresión do réxime parlamentario burgués, a nacionalización da banca privada, das terras e dos medios de produción, a saída inmediata da guerra, e a creación dunha República de soviets.


A súa chegada deulles un xiro inesperado aos acontecementos. Lenin defendía que a revolución que acababa de producirse debía superar a fase liberal-burguesa que representaba o goberno provisional e converterse nunha **revolución proletaria**, que acabase co capitalismo e a burguesía e lles outorgase o poder aos obreiros e aos campesiños (**ditadura do proletariado**). ([Documento 5](#))

A presión levada a cabo polos soviets fixo que o Goberno Provisional tivese que admitir algunhas das súas propostas, dando paso a un Goberno de Coalición presidido por Kerenski, no que participaban menxeviques e socialistas revolucionarios. Porén, a ruptura dos bolxeviques co goberno foi xa definitiva.

O goberno derrúbase definitivamente ante a situación militar: continuaban os problemas xerados pola participación na I Guerra Mundial, xorden movementos independentistas en Polonia, Finlandia e Ucraína, e a isto engádese o intento de golpe de Estado dos militares máis intransixentes, encabezados polo xeneral Kornilov, que se opoñían a unha posible sinatura da paz con Alemaña. O golpe fracasa grazas á actuación



Rasputín (1871-1916)



Era un monxe ortodoxo que exercía un gran poder sobre a tsarina, que o consideraba capaz de curar o seu fillo Alexandre, enfermo de hemofilia. Rasputín, do que se cre que puido ser un axente alemán, interveu decisivamente na política e na marcha da guerra.



Lenin na sede dos bolxeviques, organizando a insurrección de outubro



dos bolxeviques que organizaron a resistencia coa formación da Garda Vermella e aumentarán así aínda máis o seu prestixio dentro dos soviets.

Lenin, exiliado en Finlandia, viu con claridade a necesidade de tomar o poder antes de que os alemáns puideran chegar a San Petersburgo e acabar co cerne do movemento revolucionario. ([Documento 6](#))

2.2. A Revolución de Outubro: o triunfo do bolxevismo

De contado quedou claro que os obxectivos do goberno provisional non respondían ás máximas aspiracións do pobo ruso: os campesiños seguían a reclamar as terras; os obreiros, melloras laborais; e todos, encabezados polos partidos de esquerda, pedían a saída de Rusia da guerra e a firma da paz. A **axitación social** contra a política gobernamental rexurdiu con forza e, mentres que os social-revolucionarios e os menxeviques continuaron ó lado do goberno, os bolxeviques puxéronse á fronte das masas populares.



O calendario ruso

O calendario vixente en Rusia ata o 1 de febreiro de 1918 difería en 13 días do occidental. Por exemplo, a revolución de outubro, 24 e 25 de outubro, foron o 6 e 7 de novembro do calendario occidental.

Lenin decidiu que chegara o momento de tomar o poder. Xunto con Trotski púxose á fronte dos bolxeviques e planificaron a insurrección. A noite do 24 ó 25 de outubro, as milicias bolxeviques ocuparon os puntos claves de Petrogrado: o Banco do Estado, as pontes do Neva, Correos e Telégrafos, as estacións ferroviarias e as sedes ministeriais. Ao día seguinte, tomaron o Palacio de Inverno. Remataba así a fase democrático-burguesa da revolución.

O primeiro goberno bolxevique

En novembro de 1917 convocáronse as eleccións previstas polo goberno provisional para elixir unha **Asemblea Constituínte**. Os resultados electorais non foron os esperados polos bolxeviques, que non obtiveron a maioría. Ante esta situación, decidiron disolver a Asemblea na súa primeira e única sesión porque esta se negaba a someter as súas decisións á aprobación dos sóviets. A revolución bolxevique dálle as costas ao sistema democrático-parlamentario e un Congreso de sóviets sería o encargado de establecer as novas institucións do Estado proletario. ([Documento 7](#))

O novo goberno tomou forma co nome de **Consello de Comisarios do Pobo**. Estivo presidido por Lenin e formado, entre outros, por **Trotski**, ministro de Asuntos Exteriores, e **L Stalin**, ministro das Nacionalidades. As primeiras medidas do novo goberno abordaron os principais problemas que afectaban a poboación rusa:

- **O decreto sobre a paz.** As negociacións iniciáronse inmediatamente e concluíron coa firma do Tratado de Brest-Litovsk, novo goberno conclúe un tratado de paz con Alemaña e asina o **Tratado de Brest-Litovsk**, no que Rusia renunciaba a Estonia, Letonia e Lituania, recoñecía a independencia de Polonia, Finlandia e Ucraína, ademais doutras cesións territoriais a Turquía e Romanía.
- **O decreto sobre a terra** trataba de resolver as demandas campesiñas a través da abolición da propiedade privada da terra, confiscándose as terras dos latifundistas, da Coroa, da Igrexa... e poñéndoa a disposición dos soviets agrícolas. Aboliuse o traballo asalariado nos campos e proclamouse que a terra debía ser repartida entre os traballadores de acordo co traballo realizado ou as necesidades de consumo. ([Documento 8](#))
- **O decreto sobre as empresas industriais** cedíalles ós soviets de obreiros o control das fábricas.

O 2 de novembro, os revolucionarios controlaron Moscova. A revolución estendeuse por outras áreas da Rusia europea. A primeira revolución socialista do mundo triunfara, pero aínda quedaba un longo camiño ata a súa consolidación.



León Trotski (1879-1940) foi un dos principais dirixentes bolxeviques. Organizou en 1905 o primeiro soviets en San Petersburgo.



3. A CONSTRUCCIÓN DA URSS

Desde o triunfo da revolución de outubro, os bolxeviques enfrontáronse a unha guerra civil debida ós **movementos contrarrevolucionarios interiores** e á **oposición externa das potencias occidentais**. Simultaneamente, deberon abordar a organización política e económica do novo Estado, coa instauración do comunismo de guerra e, posteriormente a nova política económica. O novo réxime non comezou a estabilizarse ata 1921. Noutros países europeos xa empezaran as repercusións internacionais da revolución.

3.1. A Rusia de Lenin

a) A guerra civil (1918-1921)

Co triunfo da revolución do outubro, os restantes grupos políticos serán marxinaos e mesmo perseguidos, quedando o poder político enteiramente en mans dos bolxeviques. Estes deberon enfrontarse desde o comezo a unha dobre oposición: a interior, constituída por militares, liberais, kadetes, menxeviques e socialistas, e a exterior, de potencias como Francia, Gran Bretaña, Estados Unidos e Xapón, temerosos de que a revolución socialista se contaxiasse a outros países, que invadiron o territorio ruso e axudaron económica e militarmente ás forzas contrarias á revolución.

A guerra civil enfrontaba a dous bloques: o **Exército Branco**, formado polas tropas opositoras apoiadas polos aliados internacionais, e o **Exército Roxo**, organizado por Trotski. Durante tres anos, de 1918 a 1921, a guerra prolongou os sufrimentos da poboación, acrecentados polo **bloqueo económico** decretado polos países occidentais.

O **Exército Roxo**, dirixido por Trotski, converteuse nunha formación eficaz. Malia os seus éxitos, ata 1921 non puido derrotar definitivamente as tropas contrarrevolucionarias. Á vitoria final contribuíron outros factores, como as divisións no seo do exército branco, o levantamento do bloqueo internacional e o apoio masivo do campesiñado ruso, temeroso de perder as terras concedidas polos bolxeviques se estes non gañaban a guerra.

As mulleres e a revolución

A revolución bolxevique impulsou cambios no papel tradicional da muller e valorou o seu papel como revolucionaria e traballadora.

Algunhas mulleres tiveron unha participación destacada na revolución e na organización da nova sociedade.

Son exemplos destacados Viera Slústskaia, que morreu en combate en 1917, ou Alexandra Kolontái, que coma moitas outras, participou na organización do movemento obreiro feminino e loitou pola emancipación das mulleres. Foi Comisaria de Benestar social no primeiro goberno bolxevique e embaixadora en Noruega, México e Suecia baixo o goberno de Stalin.

b) O comunismo de guerra

As dificultades causadas pola guerra condicionaron tamén a organización da economía. O goberno implantou, en 1918, o **comunismo de guerra**, unha **dirección centralizada** e disciplinada da economía, co obxectivo de obter os recursos necesarios para impoñerse ás forzas contrarrevolucionarias.

Para lograr os obxectivos propostos, someteu os intereses individuais ós colectivos: **nacionalizou** as industrias e os transportes e suprimiu o mercado libre. Ademais, **requisou** os produtos agrarios e **monopolizou** o comercio de cereais, para evitar a especulación. O traballo quedou regulado polo Estado, que impuxo unha disciplina militar.

A dureza con que se implantou o comunismo de guerra provocou un gran descontento na poboación, que fixo volver ás **revoltas**. A represión policial, as sancións contra os traballadores, a falta de liberdade, a fame e a escaseza fixeron que, en 1921, a situación fose crítica. Ese ano, a produción agrícola diminuíra dous terzos respecto á de 1913 e a industrial, un terzo. O comercio case desaparecera, a moeda perdera o seu valor e as fábricas non podían funcionar por falta de enerxía.

As insurreccións contra o goberno proliferaron. Un exemplo disto foi a revolta protagonizada polos mariños da base de **Kronstadt**. Os mariños intentaban evitar que o Partido Comunista controlase todos os soviets. Trotski reprimiu duramente a revolta.



c) A creación da URSS e a III Internacional

A guerra civil influíu decisivamente na orientación e na configuración política do novo Estado. A **centralización do poder** nas mans dos bolxeviques consumouse durante estes anos, nos que desapareceu a democracia, e a represión exerceuse duramente contra todos os partidos políticos. A Checa, policía política, era a encargada deste labor. ([Documento 9](#))

A nova organización do Estado levouse a cabo baixo a orientación do partido bolxevique que, en 1918, pasou a chamarse **Partido Comunista (PCUS)**, e concretouse na Constitución dese ano. Nela negábanse os mecanismos de representación parlamentaria propios das constitucións liberais. O poder recaeu nunha única institución, o Partido Comunista, que non tiña ningunha oposición política nin control parlamentario.

O Estado ruso organizouse en forma de **república federal**. Rusia pasou en 1918, a ser a República Socialista Federativa dos Soviets. A unión de novas repúblicas durante os anos 1921 e 1922 deu lugar á **Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS)**, en 1922, formada pola República Rusa, Ucraína, Bielorrusia e Transcaucasia. Por outro lado, en 1924, aprobouse unha nova Constitución que acentuaba a estrutura piramidal do poder. Os soviets eran a base organizativa do Estado, aínda que sen autonomía respecto ó Partido Comunista.

Lenin concibiu a revolución de outubro como o primeiro episodio da revolución comunista mundial. A propagación dos movementos revolucionarios na Europa de posguerra induciuno a crer que a revolución estaba estendéndose. Cando fracasaron, promoveu a **III Internacional**, co obxectivo de volver impulsar a internacionalización. ([Documento 10](#))

En 1919 celebrouse o primeiro congreso da III Internacional (internacional comunista ou Komintern). A III Internacional acentuou a división do movemento socialista internacional, que acabou por escindir-se en dúas tendencias:

- Os **socialistas**, que defendían a reforma do sistema capitalista aceptando os mecanismos das democracias parlamentarias.
- Os **comunistas**, partidarios da revolución armada e da democracia proletaria, adheridos á III Internacional.



Cartel propagandístico de 1919 no que Lenin varre do mundo os inimigos da revolución, nobreza, clero e burguesía.

d) A Nova Política Económica (NEP)

No seo dos bolxeviques tamén foise acentuando a división, posto que eran moitos os que criticaban a progresiva burocratización e por considerar que se estaba reproducindo o estado burgués cun forte aparato represivo. Esta crise tratou de solucionarse no X Congreso do Partido Comunista no que se fixo un chamamento á unidade e no que se prohibiron as correntes dentro do partido. ([Documento 11](#))

Neste congreso tamén se impulsou unha nova política económica que supoñía a ruptura co “comunismo de guerra”, cuxos resultados económicos foran nefastos. A Nova Política Económica, coñecida como **NEP**, manteríase ata 1928 e supoñía, en verbas do propio Lenin, un “obrigado paso atrás” no que a economía se mantiña baixo o control do Estado, mais permitía certa iniciativa privada, cun capitalismo limitado que pretendía fomentar a produtividade. Permítese a instalación de empresas estranxeiras, o investimento de capitais foráneos e as pequenas industrias foron desnacionalizadas. Permitíuselles tamén a libre comercialización dos excedentes aos campesiños, e só o 10% da produción debía ser entregado ao Estado. Malia os espazos abertos ao capitalismo, o Estado continuou a ser o principal axente industrial, xa que controlaba máis do 90 % da produción cos sectores estratéxicos: industria pesada, comercio exterior, transportes, grandes empresas e banca.

A NEP cumpriu rapidamente os seus obxectivos económicos e, en 1926, a economía soviética superara os niveis anteriores á Gran Guerra. Mais a volta ao mercado fixo subir os prezos e as diferenzas entre prezos agrarios e industriais volveu orixinar problemas de acaparamento e **desabastecemento** das cidades. Os beneficios privados fixeron aumentar as diferenzas sociais e volveron xurdir os pequenos empresarios industriais e os campesiños acomodados (*kulaks*), que gozaban dun certo nivel de benestar e foron coñecidos como **nepmen**.



3.2. O stalinismo

A pesar de que, nun primeiro momento, Stalin foi subestimado por todos, pouco a pouco foise facendo co poder. Desde 1928 Stalin logrou o dominio absoluto do PCUS e, a través del, do Estado soviético. Stalin converteu a Rusia soviética nunha ditadura totalitaria baseada no terror.

a) [A loita polo poder](#)

Á morte de Lenin, en 1924, sucedéronse no seo do Partido Comunista loitas polo control do poder. Os candidatos á sucesión eran Trotsky e Stalin, que tiñan caracteres e posicións políticas opostas.

Trotsky, home dunha gran capacidade intelectual e política, gozaba de gran prestixio por ter sido o organizador do exército roxo. Defendeu a idea da revolución permanente, que intentaba estender a revolución socialista fóra de Rusia. Concibía o partido como unha organización na que debían ter cabida as diferentes correntes de opinión sobre construción do socialismo.

Stalin, en cambio, non admitía debates internos nin desviacións das directrices oficiais no partido. Defendeu, ademais, que había que dedicar toda a enerxía a construír o socialismo nun só país, **Rusia**, como paso previo a unha posible internacionalización posterior.

Outro tema de discrepancia referíase ao mantemento ou supresión da NEP. Trotsky (co apoio de dous dirixentes como Zinoviev e Kamenev) lanzouse a unha dura crítica contra o capitalismo de Estado e o crecente enriquecemento dos *kulaks* e dos empresarios industriais; ao seu xuízo, para acelerar a industrialización cumpría rematar co sector agrario capitalista e substituílo pola colectivización da terra. Pola contra, Stalin, apoiado neses momentos por Bujarin, defendeu durante varios anos a permanencia da NEP no campo como forma de obter excedentes agrícolas para alimentar á poboación urbana, dado que a produción das granxas estatais e das cooperativas campesiñas era aínda insuficiente.

En 1927 o **enfrentamento** agudizouse e Stalin, que manexaba os resortes internos do partido, conseguiu facerse co poder. Trotsky foi afastado do partido por algúns dirixentes comunistas e Stalin, ao coñecerse que aspiraba a democratizar o partido para substituír a burocracia en ascenso. Foi desprestixiado e perseguido e, xa no exilio, asasinado en 1940.

A imposición de Stalin sobre o partido, a finais da década dos anos vinte, deu inicio a unha longa etapa, o **stalinismo**.

b) [A ditadura stalinista](#)

O resultado do triunfo de Stalin foi o establecemento dun poder autoritario, o reforzamento do partido e dos seus métodos centralistas de decisión e a imposibilidade de calquera vía de participación democrática.

Stalin perseguíu os seus opositores e tamén algúns dos seus antigos colaboradores que podían facerlle sombra, expulsándoos do país ou condenándoos ao cárcere ou á morte. Este foi o primeiro episodio da instauración dun réxime totalitario, baseado no poder absoluto de Stalin dentro do PCUS e do novo Estado soviético. ([Documento 12](#))

O stalinismo caracterizouse por:

- O culto á **personalidade do líder**, considerado infalible e quen gozaba dun poder absoluto. ([Doc. 13](#))
- A **represión e eliminación de toda disidencia** mediante **grandes depuracións e purgas** a partir do ano 34 e especialmente desde o ano 36. Deportacións masivas, asasinatos e desaparicións eran a resposta a calquera disidencia, real ou imaxinada, da doutrina de Stalin. Nestes anos son condenados antigos bolxeviques (Kamenev, Zinoviev, Bujarin,...) dirixentes e técnicos da planificación, mandos do Exército Roxo.... Máis de 6 millóns de persoas sufriron as consecuencias das investigacións secretas, os arrestos, as deportacións ou os traballos forzados en **gulags**. Desta maneira Stalin eliminou toda posible alternativa ao seu propio poder, ademais de crear un clima de terror que anulou calquera posible manifestación de descontento. ([Documento 14](#))



- O desenvolvemento da burocracia, coñecida co nome de **Nomenklatura**. Os burócratas instaláronse como grupo privilexiado dentro do país chegando a supoñer ata o 14% da poboación. Apareceu unha nova *intelligentsia* que se mantivo no poder ata a morte de Stalin.
- A redacción dunha nova constitución en 1936 que de feito legalizaba a ditadura. Enumeraba os dereitos e deberes dos cidadáns e garantía a liberdade dos individuos “de conformidade cos intereses dos traballadores e a consolidación do socialismo”. Defendía a independencia do poder xudicial e a liberdade de cultos xunto coa liberdade de propaganda antirrelixiosa. A base política do sistema fixébase no Partido Bolxevique e nos soviets, elixidos mediante sufraxio universal, directo e secreto, por todos os cidadáns maiores de 18 anos. Establecía un sistema socialista da economía e deixaba o poder real nas mans do Partido, a través do control do Politburó e da Secretaría Xeral. Na práctica, estas liberdades constitucionais non puideron ser exercidas durante o stalinismo.

c) A economía planificada soviética

Stalin optou por lle poñer fin á economía mixta (NEP), forzar a colectivización da terra, implantando unha planificación da economía dirixida polo Estado e estimulando o desenvolvemento industrial de Rusia, especialmente da industria pesada. Así tomou forma a **economía planificada** polo Estado que sería característica da URSS.

Esta política económica desenvolveuse a través dos chamados **Plans Quinquenais**, que tiveron como obxectivo básico transformar a URSS nun país industrial, crear unha grande agricultura colectivizada (eliminando os *kulaks* e os campesiños medios) e incrementar a capacidade defensiva do país. Leváronse a cabo tres Plans baixo Stalin: o primeiro, entre 1928 e 1932, destinou todos os recursos á industria pesada; o segundo, de 1933 a 1937, centrouse en reforzar a industria de armamentos, e o terceiro iniciouse en 1938 pero viuse interrompido pola II Guerra Mundial. ([Documento 15](#))



KLUTSIS, 1930. “Con gran trabajo vamos a cumplir el Plan”

As medidas adoptadas foron moi ríxidas: os medios de produción agrícolas e industriais foron estatizados e o Goberno determinou as directrices xerais da economía e mesmo de cada empresa en particular. Eliminouse os *kulaks*, levando a cabo unha **colectivización da agricultura** a través da implantación de dúas formas agrícolas: o *kolkhoz* (unha cooperativa de produción agrícola soviética na que había unha produción colectiva con medios estatais e unha pequena produción campesiña que se comercializaba libremente) e o *sovjoz* (unha granxa estatal soviética na que traballaban obreiros agrícolas, asalariados do Estado, dirixidos por técnicos estatais e sobre terras de propiedade estatal). Creáronse tamén as **MTS**. (Estacións de Tractores e Maquinaria) que centralizaban a gran maquinaria agrícola, que logo era cedida ás cooperativas. As pequenas industrias e as empresas comerciais privadas desapareceron. ([Documento 16](#))

Todo este proceso levouse a cabo cunha forte resistencia. Os *kulaks* provocaron centenas de pequenas revoltas que trataban de impedir que lles foran arrebatadas as súas terras. Consecuencia desta oposición, duramente reprimida, foi a caída da produción agrícola que non se recuperou ata 1934.

A segunda gran consecuencia desta política foi un **forte crecemento industrial**, que fixo que a URSS fose, en 1940, a terceira potencia industrial tras Estados Unidos e Alemaña. Durante o 2º Plan instaláronse combinados industriais nos Urais e Siberia. Medrou sobre todo a industria de base (bens de equipo e de produción de enerxía eléctrica) e en menor medida a industria de consumo. Ao contrario do que aconteceu no desenvolvemento industrial dos países capitalistas, na URSS outorgóuselle prioridade á industria pesada, co fin de subministrar maquinaria e bens de equipo para un posterior desenvolvemento da produción de bens de consumo directo. Isto puido conseguirse porque as decisións económicas non dependían de iniciativas individuais, como nos países capitalistas, senón de medidas estatais que todas as empresas estaban obrigadas a cumprir.

Para acadar os obxectivos da planificación o réxime stalinista mesturou medidas represivas e persuasivas: dunha banda, prohibíronse as folgas e as reclamacións sindicais; por outra impulsáronse formas de “emulación socialista” coa finalidade de incrementar a produtividade. Grazas aos esforzos realizados, en dez anos a estrutura social soviética cambiou substancialmente.